

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

22

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

FEBREIRO

Retos Globais 2025

L	M	MÉ	X	V	S	D
					1	2
3	4 Día Internacional da Fraternidade Humana	5	6 Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	7	8	9
10 Día Internacional dos Legumes	11 Día Internacional da Muller e da nena na Ciencia	12	13 Día Mundial da Radio	14	15	16
17	18	19 Día Internacional contra o uso das nenas e menos soldados	20 Día Mundial da Xustiza Social	21 Día Internacional da Lingua Materna	22	23
24	25	26	27			

CHAVES DESTE NÚMERO

Retos Globais 2025 segundo a ONU

O Secretario Xeral das Nacións Unidas, António Guterres, no seu discurso ante a Asemblea Xeral da ONU sobre as prioridades para 2025 reflexiona, facendo referencia ao mito de Pandora, sobre os catro males, que poden perturbar a Axenda de Desenvolvemento Sostible: **os conflitos, as desigualdades, a crise climática e unha tecnoloxía fóra de control**, e chama a facerlles fronte mediante a alianza entre todos os actores internacionais.



No seu discurso, Guterres fai un chamamento a priorizar a resolución dos conflitos en Palestina-Israel,, Ucraína, Sudán, Haití e Iemen, así como a prevención de novos enfrontamentos, así como a incidir na inclusión das mulleres nos procesos de paz.

Subliña que as desigualdades reflicten os fallos sistémicos en estruturas sociais, económicas e políticas. Así mesmo, reitera a necesidade de financiamento para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, priorizando a erradicación da pobreza, educación, sanidade e acción climática.

En relación aos retos tecnolóxicos aos que se enfrenta o planeta, Guterres chama á creación dun Panel Científico Internacional e un Diálogo Mundial sobre a gobernanza da IA. Destácase a importancia de garantir o acceso equitativo aos avances tecnolóxicos e a súa regulación ética e segura.

Conclúese cun chamado a construír un mundo máis pacífico e xusto no 80º aniversario da ONU, traballando para materializar as esperanzas da humanidade. [+INFO](#)

XORNADAS

Xornadas de Ingeniería Biomédica – JIB'2025

Do 10 ao 14 de febreiro teñen lugar na aula de grao e na entrada da Escola de Enxeñería Industrial as I Jornadas de Ingeniería Biomédica – JIB'2025. Durante estes días o vestíbulo do centro acolle unha exposición de equipamento biomédico á que se suman dous relatorios:



Martes 11 de febreiro (12.00 horas – 13.30 horas) – *Hacia un futuro inteligente: tecnología e IA para transformar el manejo de la apnea del sueño.*

Xoves 13 de febreiro (12.00h – 13.30h) – *Presente y futuro de la cirugía endovascular.*

[+Info](#)

Xornada de "Saúde mental e discapacidade intelectual"

A asociación ASPANANE e FADEMGA Plena inclusión Galicia, organiza a 5ª edición da "Xornada sobre discapacidade intelectual e saúde mental".

O encontro terá lugar o vindeiro 7 de febreiro no Salón de Actos do Hospital da Costa de Burela (LUGO), e busca ofrecer unha visión multidisciplinar sobre os aspectos máis relevantes da saúde e o envellecemento en persoas con discapacidade intelectual, así como compartir experiencias e boas prácticas para o acompañamento e coidado en todas as etapas da vida. [+Info](#)

XORNADA Elas Fan CienTec 2025

Iniciativa organizada pola Unidade de Cultura Científica e de Innovación da Universidade de Vigo. Esta xornada está enmarcada dentro das actividades do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

É unha oportunidade para dar a coñecer á sociedade e ás alumnas o que se fai na Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo. Unha actividade divulgativa esencial para dar visibilidade ao traballo das investigadoras, científicas e enxeñeiras da institución e fomentar as vocacións entre as xeracións máis novas. [+Info](#)



FORMACIÓN

V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade. Organízao o observatorio das masculinidades (Universidade Miguel Hernández de Elxe), polo grupo de investigación ECULGE "ECONOMÍA, CULTURA E XÉNERO". Cordinado por Anastacia Téllez Infantes. Universidade Miguel Hernández de Elxe, Jorge Cascales Ribeira, Universidade de Valencia.

HORARIO: 17:00-18:30 h (hora española) MARTES ou XOVES, NOVIEMBRE 2024 – XUÑO 2025
Google Meet UMH [Inscripción](#)

EVENTOS

Augal 2024-2025. Proxección de 'La Parra'

A Aula de Cine da Facultade de Comunicación acolle unha nova sesión da décimo cuarta edición da Máster Class Audiovisual Galego Augal, promovida co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), da Xunta de Galicia, e coordinada polos profesores Miguel Anxo Fernández e Paulino Pérez. Dedicada á longametraxe La parra, de Alberto Gracia, a proxección deste filme verase complementada por un coloquio coa súa produtora, Beli Martínez. [+Info](#)



CONVOCATORIAS

Convocatoria de Acción Humanitaria 2025

O Diario Oficial de Galicia publica a orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para proxectos de acción humanitaria no exterior, procedendo á súa convocatoria para o 2025. O prazo de presentación de proxectos remata o vindeiro 17 de febreiro. [+Info](#)

Convocatoria de cursos de formación en lingua galega para o 2º cuadrimestre do curso académico 2024/2025

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do segundo cuadrimestre do curso académico 2024/2025 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. [+Info](#)

Contos en lingua de signos



Historias contadas por especialistas en Lingua de signos da de Federación de Asociacións e persoas Xordas de Galicia.

Na biblioteca Pública de Coruña Miguel González. Sábado 01 de febreiro de 2025, ás 12:00. [+Info](#)

VOLUNTARIADO

Voluntariado, apoio na oncoloxía pediátrica

Programas de intervención comunitaria que constituirán un instrumento de prevención e concienciación social sobre a doenza e as súas repercusións sociais. Programas de ocio e tempo de lecer: hospitalario e extrahospitalario. Promoción e dinamización do voluntariado en todas as áreas de acción da entidade con especial énfase no apoio e acompañamento dos menores afectados de cancro e as súas familias. Entidade Promotora: Bicos de Papel [+Info](#)

Embaixadores da UVigo

Programa destinado a estudantes da Universidade de Vigo para dar apoio as actividades organizadas pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade destinadas ao estudantado preuniversitario e ao estudantado matriculado na Uvigo. [+Info](#)

Programa Mentoring STEMBach

Dar a coñecer ao alumnado preuniversitario a oferta formativa das titulacións STEM da Universidade de Vigo. [+Info](#)

- Apoio nas feiras de orientación académica organizadas tanto na Universidade como fóra dela.
- Colaborar nas visitas guiadas que os centros de educación secundaria realizan á Universidade de Vigo.

- Participar nas charlas de orientación xerais e específicas que se realizan nos centros de educación secundaria.

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

A Comisión Española de Axuda ao Refuxiado, CEAR, leva desde 1979 defendendo o dereito de asilo e os dereitos humanos, promovendo o desenvolvemento integral das persoas refuxiadas que veñen fuxindo de conflitos bélicos ou de violación de DDHH, solicitantes de asilo, apátridas e migrantes con necesidade de protección internacional e/o en risco de exclusión social.

A misión de CEAR é defender e promover os Dereitos Humanos e o desenvolvemento integral das persoas refuxiadas, apátridas e migrantes con necesidade de protección internacional e/o en risco de exclusión social.

Ao longo de máis de catro décadas, CEAR traballou activamente na defensa e promoción do dereito de asilo en España co obxectivo de avanzar no seu recoñecemento e de garantir o acceso ao procedemento de protección internacional con todas as garantías da lei.

Desde o Servizo de Formación e Emprego desenvolven alianzas con empresas para fomentar a aprendizaxe do idioma, mellorar a empregabilidade e potenciar a autonomía das persoas.

Neste marco, realizan actividades de intermediación laboral coa finalidade de proporcionar ás persoas en procura ou mellora de emprego oportunidades de traballo adecuadas ás súas características e facilitar a empresas e empregadores candidaturas adecuadas aos seus requirimentos e necesidades. [+Info](#)



NOVAS DO DUVI

A UVigo lidera un proxecto europeo para crear unha plataforma dixital de alfabetización ambiental arredor dos incendios [+Info](#)

A UVigo ampliará as súas estratexias de acollida de alumnado e profesorado palestino [+Info](#)

A Facultade de Educación e Traballo Social lanza unha acción solidaria de apoio á infancia e adolescencia en dificultade social [+Info](#)

Yolanda Rodríguez, nova directora da Unidade de Igualdade: "As universidades deben liderar o cambio social de construír sociedades xustas, igualitarias e libres de violencias" [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)